



SOLICITUDE DE COBRAMENTO DA SUBVENCIÓN

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

ENTIDADE LOCAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Conta xustificativa, conforme os artigos 8 e 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, integrada pola seguinte documentación:
- En todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida.
 - Certificación expedida pola secretaria da entidade local, co visto e prace da alcaldía, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
 - O cumprimento da finalidade da subvención.
 - Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables ás actuacións subvencionadas coa seguinte relación: identificación da persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto no punto seguinte, non será exigible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, se é o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación de gastos a que se fai referencia anteriormente.
 - Certificación expedida pola secretaria da entidade local, co visto e prace da alcaldía, sobre que a actuación desenvolvida conte coa autorización ou licenza urbanística ou sectorial tanto municipal como por parte doutros organismos ou administracións públicas en materia de dominio público hidráulico, patrimonio cultural ou estradas, entre outras, ou ben que estas non eran preceptivas.
 - Memoria sobre a actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación dos investimentos realizados, que deberá incluír fotografías do lugar ou lugares onde se efectuasen as actuacións, tomadas antes, durante e con posterioridade á súa realización.
 - Acreditación documental, material e/ou gráfica (fotografías, copias, captura de pantallas) do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada.
 - Certificado da persoa que efectúe a taxación, que será independente e estará debidamente acreditada e inscrita no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmoables.
 - Se o importe do gasto subvencionable supera as contías establecidas para o contrato menor na normativa de contratación do sector público, conforme o disposto no artigo 21.2 das bases reguladoras, deberase achegar:
 - Os tres orzamentos que se exixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Copia da resolución de adjudicación da obra ou equipamento, onde quede acreditado que a elección entre as ofertas recaeu na proposta económica máis vantaxosa.
 - Certificado de obra ou relación valorada con base no proxecto de execución, asinada por técnico competente, en que se relacionen os materiais empregados, unidades, prezos unitarios e totais.
- Anexo VIII: modelo de declaración.

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de